

PREGUNTA DE AER SOBRE O CONSELLO SECTORIAL DA CULTURA

PLENO 4 XULLO 2013. ACTA 13/2013

Pregunta presentada polo grupo municipal AER da seguinte tenor literal:

“Sendo de coñecemento público a existencia dunhas reunións periódicas de carácter non oficial, pero promovidas polo alcalde e outros membros do goberno local, onde se discuten, xunto con diversos convidados, acerca de aspectos relativos ao eido cultural de Redondela.

Ante a demanda de diversas entidades e asociacións culturais da necesidade de formalizar a constitución dun Consello da Cultura en Redondela; participativo, aberto a todas as partes implicadas, onde se poidan debatir e acordar liñas de actuación neste eido, que sirva para consolidar e enriquecer todo o tecido cultural do concello, tanto o promovido dende a administración local como o sustentado e organizado dende as entidades e centros culturais, un foro que permita establecer liñas estratéxicas e evitar así erros pasados cometidos.

Constándolle a AER da existencia dun borrador de proposta de creación en Redondela do “Consello Sectorial de Cultura”, de crearse un Consello Sectorial da Cultura:

¿poderían indicarnos cales son os prazos para a súa creación e cal vai ser o modelo de nomeamento e representatividade dos actores culturais do concello dentro del e o peso das súas decisións?”

O concelleiro Sr. Alonso Monteagudo di que o denominado na pregunta “Consello Sectorial de Cultura” leva funcionando 2 anos, non como órgano oficial senón con carácter consultivo, sen máis funcións que poñer sobre a mesa elementos da cultura de Redondela. Indica que existe un borrador no que non se contemplan órganos de representación nin de partidos, senón persoas a título individual e sen ningún tipo de representación. Entende que existen diversas formas de ver a cultura e cre que este órgano funciona ben e que serve para os obxectivos para os que se creou, polo que non existe presa para concretar o borrador.